

PROXECTO DE ORDE do de de 2026, pola que se prorroga e se modifica a Orde do 21 de decembro de 2023 pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o trienio 2024-2026.

A Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia establece que a política da Administración autonómica terá, en relación coa conservación e a xestión dos recursos pesqueiros e marisqueiros, entre outros obxectivos o establecemento e a regulación de medidas dirixidas á conservación, á xestión e á explotación responsable, racional e sustentable dos recursos mariños vivos. Entre as medidas de conservación e xestión que recolle a dita lei figura a adopción, logo de audiencia do sector afectado, de plans de xestión definidos como medidas reguladoras da actividade pesqueira e marisqueira.

O Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas, establece que a extracción dos recursos xerais estará suxeita ao Plan xeral de explotación marisqueira aprobado con carácter trianual pola Consellería do Mar.

En base ao anterior esta consellería aprobou a Orde do 21 de decembro de 2023 pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o trienio 2024-2026. Nesta orde establécese o réxime necesario para que a explotación marisqueira en Galicia nese período se realice coas garantías de desenvolver unha explotación sustentable dos recursos marisqueiros xerais, e tendo en conta aspectos de carácter ambiental, social e económico .

Os plans de xestión aprobados por dita Orde conteñen as medidas reguladoras da actividade marisqueira atendendo a obxectivos biolóxicos relacionados co uso sustentable e a longo prazo dos recursos marisqueiros. Sendo o resultado dun estudo continuado da evolución dos recursos e do hábitat. Moitos dos traballos realizados para a elaboración e desenvolvemento dos plans de xestión achegan información estandarizada, que pode ser encadrada nos descritores 1, 2, 3, 6 e 10 definidos pola Directiva marco sobre a estratexia mariña (DMEM) como criterios para definir o bo estado ambiental.

A Administración avalía o réxime de conservación e explotación dos recursos tendo en conta as variables biolóxicas e a saúde dos stocks, así como as variables ecolóxicas e socioeconómicas da xestión e, se procede, introduce as melloras necesarias, co fin de asegurar unha explotación sustentable tendo en conta aspectos ambientais e acadar unha maior rendibilidade económica e a creación de emprego.

Os departamentos territoriais, no marco do desenvolvemento dos plans de xestión, poderán adaptar medidas para favorecer o cumprimento dos obxectivos dos plans, logo de consulta coas entidades titulares destes. Ademais, tamén poderán realizar adaptacións, logo de solicitude das entidades titulares dos plans de xestión, cando se dean circunstancias que dificulten ou potencien o seu desenvolvemento, e tendo en conta aspectos biolóxicos, ecolóxicos e socioeconómicos.

No comezo do ano 2026 numerosas borrascas afectaron a Galicia, nesta ocasión, aínda que as precipitacións se repartiron por toda a xeografía galega, a zona máis afectada por choivas torrenciais e persistentes foi a fachada atlántica de Galicia. Como resultado do anterior, e para o fondo da Ría de Arousa, detectáronse ata 6 períodos concatenados de baixada de salinidade que tiveron unha duración e intensidade compatibles con mortalidades severas de moluscos bivalvos infaunais nos bancos marisqueiros. Estas períodos de baixa salinidade son similares aos detectados noutras rías de Galicia.

Unha vez finalizado o evento de choivas aplicouse o protocolo de avaliación de mortalidades desenvolvido polo Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) no 2023 que permite determinar niveis de mortalidade moderada ou severa segundo limiares específicos, en base a este documento, realizáronse as necesarias mostraxes e unha vez analizados os resultados emitíronse os correspondentes informes nos que se puideron verificar os niveis de mortalidade dos distintos plans de xestión.

Como resultado final das mortalidade constatadas tiveron que adaptarse numerosos plans de xestión de acordo co procedemento establecido polo Decreto 153/2019, do 21 de novembro e a Orde de 21 de decembro de 2023 pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o trienio 2024-2026 establecendo medidas técnicas de conservación extraordinarias consistentes na prohibición da actividade marisqueira nestas zonas de forma temporal coa finalidade de protexer ás poboacións de moluscos bivalvos comerciais.

A situación actual dos bancos marisqueiros non permiten, ás entidades titulares, deseñar dunha maneira realista as propostas dos novos plans de xestión. Nesa mesma liña esta consellería non disporía da información necesaria para poder avaliar a súa inclusión no plan xeral de explotación marisqueira xa que a situación ambiental, social e económico dun número importante de plans de xestión se veu comprometida polas mortalidades de moluscos bivalvos.

Asemade, nun número importante de plans de xestión vixentes na actualidade, debe darse continuidade ás medidas técnicas de conservación extraordinarias actuais.

O obxectivo principal desta norma é ampliar a vixencia dos plans de xestión aprobados para o trienio 2024-2026, nun período de tempo suficiente para que se proporcione estabilidade xurídica e administrativa ao sector durante o período de recuperación das poboacións de moluscos bivalvos comerciais.

A prorroga dos plans con vixencia 2024-2026 permitiría realizar traballos de recuperación dos bancos mediante tarefas que realizarán as persoas mariscadoras e da súa organización referentes á conservación, mantemento, recuperación ou mellora dos hábitats e zonas de produción, así como de coidado, control, seguimento, protección e vixilancia dos bancos marisqueiros que se levarán a cabo durante o período necesario para que as poboacións de moluscos bivalvos se recuperen para poder levar a cabo unha extracción ambiental, social e economicamente sostible.

En todo caso resulta necesario que se concentre o esforzo técnico e administrativo na mellora da situación ecolóxica dos bancos marisqueiros para que a recuperación das poboacións de moluscos bivalvos se realice nas mellores condicións posibles.

Polo tanto, tendo en conta o anterior e de conformidade co disposto no Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas,

DISPOÑO:

Artigo único. *Prórroga do Plan xeral de explotación marisqueira*

Se prorroga ata o 31 de decembro de 2029 o conxunto de normas e orientacións destinadas a regular e programar a conservación e explotación sustentable dos recursos marisqueiros xerais aprobadas pola Orde do 21 de decembro de 2023 pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o trienio 2024-2026, salvo que se aprobe con anterioridade a esa data un novo Plan xeral de explotación marisqueira.

Disposición derradeira primeira. Modificación da Orde do 21 de decembro de 2023 pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o trienio 2024-2026.

A Orde do 21 de decembro de 2023 pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o trienio 2024-2026, queda modificada como segue:

Un. Engádense os apartados iv, v e vi na letra a) do número 2 do artigo 4, coa seguinte redacción:

iv. Ano 2027: do 4 de xaneiro ao 31 de marzo e do 1 de outubro ao 31 de decembro.

v. Ano 2028: do 3 de xaneiro ao 31 de marzo e do 2 de outubro ao 29 de decembro.

vi. Ano 2029: do 2 de xaneiro ao 30 de marzo e do 1 de outubro ao 31 de decembro.

Dous Engádense os apartados iv, v e vi na letra b) do número 2 do artigo 4, coa seguinte redacción:

iv. Ano 2027: do 4 de xaneiro ao 31 de marzo e do 1 de outubro ao 31 de decembro.

v. Ano 2028: do 3 de xaneiro ao 31 de marzo e do 2 de outubro ao 29 de decembro.

vi. Ano 2029: do 2 de xaneiro ao 30 de marzo e do 1 de outubro ao 31 de decembro.

Tres. Os números 1 e 2 do artigo 11 quedan redactados como sigue:

1. As entidades de interese colectivo do sector produtor do marisqueo dirixirán as súas solicitudes de plans de xestión para o trienio 2030-2032 á dirección xeral competente en materia de marisqueo antes do 1 de novembro de 2029.

2. As entidades de interese colectivo do sector produtor do marisqueo dirixirán as súas solicitudes para plans de xestión de nova incorporación á dirección xeral competente en materia de marisqueo antes do 1 de novembro do ano anterior ao de inicio.

Catro. O número 3 do artigo 13 queda redactado como sigue:

3. Os plans de xestión para o trienio 2030-2032 serán aprobados mediante orde da Consellería do Mar.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento*

Autorízase á persoa titular da dirección xeral competente en materia de marisqueo para o desenvolvemento desta orde e que, co obxecto da mellora da conservación e xestión dos recursos marisqueiros diferentes aos crustáceos, e na procura dunha explotación sustentable, adopte as medidas de xestión necesarias en función do estado dos recursos e dos informes emitidos polo persoal técnico.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela,

Marta Villaverde Acuña

Conselleira do Mar